

O dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coa Administración pública en Venezuela

El derecho de los ciudadanos a relacionarse electrónicamente con la Administración pública en Venezuela

The right of citizens to interact with electronic government in Venezuelan

ALEJANDRO CANÓNICO SARABIA

Profesor nas universidades católicas Andrés Bello e do Táchira, e nas universidades Monteávila e de Margarita
Especialista en Dereito Administrativo e en Dereito Procesal
Membro do Foro Iberoamericano de Dereito Administrativo e da Asociación Internacional de Dereito Administrativo
Coordinador para Venezuela da Rede Iberoamericana de Contratación Pública
canonico1511@gmail.com

Recibido: 23/03/2015 | Aceptado: 22/04/2015



regap



ESTUDIOS E NOTAS

Resumo: *Este estudo trata sobre as diferentes normas supranacionais e locais que comezan a incorporar nas súas regulacións esquemas tecnolóxicos nas relacións que se presentan entre o Estado e o individuo, e isto trouxo como consecuencia que se poida recoñecer un novo dereito individual, referido á posibilidade certa de que as persoas poidan contar con vehículos informáticos e telemáticos para desenvolver as súas relacións coa Administración Pública, que complementen o exercicio dos dereitos fundamentais.*

Palabras clave: *Goberno electrónico, Dereito instrumental, TIC.*

Resumen: *Este estudio trata sobre las diferentes normas supranacionales y locales que comienzan a incorporar en sus regulaciones esquemas tecnológicos en las relaciones que se presentan entre el Estado y el individuo, y esto ha traído como consecuencia que se pueda reconocer un nuevo derecho individual, referido a la posibilidad cierta de que las personas puedan contar con vehículos informáticos y telemáticos para desarrollar sus relaciones con la Administración Pública, que complementen el ejercicio de los derechos fundamentales.*

Palabras clave: *Gobierno electrónico, Derecho Instrumental, TIC.*

Abstract: *This study discusses the different supranational and local regulations that begin to incorporate into their regulations technological schemes in the relations that exist between the state and the individual, and this has resulted that can recognize a new individual right, based on the some possibility that people can count on telematics and communication vehicles to develop its relations with the public administration, which complement the exercise of fundamental rights.*

Key words: *e-Government, Instrumental right, TIC.*

Índice: *1. Introducción. 2. O cumprimento dos principios que informan á Administración pública como premisa dunha boa administración. 2.1 O principio de eficacia. 2.2 A transparencia. 2.3 A simplificación nos trámites administrativos. 3. A Administración pública e a tecnoloxía da información e comunicación (TIC). 3.1 O dereito dos cidadáns a relación*

narse electronicamente coas administracións públicas. 3.2 Normas venezolanas vinculadas ao dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas administracións públicas. 3.2.1 A formulación constitucional. 3.2.2 As normas xerais da Administración pública. 3.2.3 As normas para a simplificación de trámites administrativos. 3.2.4 En materia de control fiscal e anticorrupción. 3.2.5 Os medios electrónicos nas contratacións públicas. 3.3 As Normas especiais sobre Administración electrónica. 4 A vixencia da Lei de Infogoberno venezolana. 4.1 Contido do Dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas Administracións públicas segundo a Lei de Infogoberno. 5. Consideracións finais. 6. Bibliografía

1 Introducción

No marco dun Estado social e democrático de Dereito e de Xustiza, o Estado debe xogar un papel protagónico para xerar os escenarios de desenvolvemento e progreso que lles permitan aos individuos cubrir as súas necesidades básicas e elevar a súa calidade de vida. Nesa mesma orde de razoamento, durante a IV Conferencia Iberoamericana de Ministros de Administración pública e Reforma do Estado celebrada en 2002 en Boca Chica, República Dominicana¹, proclamouse que “o Estado constitúe a máxima instancia de articulación de relacións sociais” e que, “desde a perspectiva da gobernabilidade, para o progreso económico e a redución da desigualdade, o Estado é fundamental para o logro de niveis crecentes de benestar económico”. Coa modulación propia de cada nación, e a súa visión particular, baseada na realidade social, económica e política de cada país.

E dentro dese Estado Social e Democrático de Dereito que postulan os nosos textos constitucionais iberoamericanos, eríxese a Administración pública, como o seu principal instrumento, precisamente para proporcionar as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos cidadáns e dos grupos en que se integran, sexan reais e efectivas e, sobre todo, para axudar a que os excluídos e desfavorecidos poidan acceder ao sistema.

Esta formulación teórica da noción finalista da Administración Pública debe necesariamente concretarse e materializarse en servizo eficiente aos cidadáns, para iso débese contar con persoas e estruturas orgánicas desburocratizadas, eficientes, éticas, capaces, profesionais, con emprego dos medios tecnolóxicos, articulados todos en función da vocación de servizo á colectividade, pero teendo como eixe concéntrico ao individuo. Sen perder a idea de que a xestión da Administración Pública non debe ser invasiva ao punto de suplir ou enervar a actividade particular, senón servir como sorte de plataforma para o despunte e o desenvolvemento da iniciativa privada, con regras de actuación claramente establecidas.

As premisas de eficacia e eficiencia deben acompañar permanentemente á Administración en función do principio de servizo ao interese xeral, como o pregoa a Carta Iberoamericana da Función Pública, rubricada en Santa Cruz de la Sierra, Bolivia, o 27 de xuño de 2003, promovida polo Centro Latinoamericano de Administración para o Desenvolvemento (CLAD)², a cal sinala no seu artigo primeiro a función esencial inherente á existencia mesma da Administración pública: “*garantir un manexo axeitado dos recursos humanos no marco dunha Administración pública profesional e eficaz, ao servizo do interese xeral*”. No mesmo sentido,

1 <http://old.clad.org/reunións-internacionais/eventos-realizados/iv-conferencia-iberoamericana-de-ministros-de> [consultada o 27 de setembro de 2014].

2 <http://old.clad.org/documentos/declaracións/cartaibero.pdf/view> [consultada o 28 de setembro de 2014].

o devandito precepto establece tamén a finalidade da propia Administración pública para: “*compatibilizar os obxectivos de eficacia e eficiencia cos requirimentos de igualdade, mérito e imparcialidade que son propios de administracións profesionais en contextos democráticos*”.

No que respecta ao texto constitucional venezolano, aínda cando non conceptualiza nin define teoricamente á Administración Pública, outórgalle un papel de primeira orde dentro do título relativo ao Poder Público e, sinálalle con determinación a súa finalidade, acompañándoa duns principios reitores que lle serven de fundamento e lexitimación, pero con sometemento pleno á lei e ao dereito (*principio de legalidade*); o artigo 141 constitucional —peza maxistral do constituínte venezolano— achega sen equívocos o carácter vicarial da Administración Pública ao manifestar que: “... *está ao servizo dos cidadáns e cidadás...*”; esa é precisamente a *ratio* de existencia da Administración Pública, servir con obxectividade aos intereses xerais³, e agora, máis claro aínda, a partir da constitucionalización expresada da devandita finalidade lexitimadora⁴.

A actuación eficaz das Administracións Públicas, na actualidade debe necesariamente asociarse co emprego dos medios tecnolóxicos. A intensa evolución das tecnoloxías da información e da comunicación, principalmente da Rede, nos últimos anos supuxo a xeneralización do seu emprego en todos os ámbitos da sociedade. A sociedade actual habituouse á utilización das novas tecnoloxías nas súas actividades cotiás, converténdose as mesmas en ferramentas indispensables para realizar case calquera actividade ordinaria. As Administracións públicas víronse obrigadas a adaptar a súa forma de relacionarse cos cidadáns, e progresivamente foron implementando un modelo alternativo para cumprir os seus fins, que podemos denominar: Administración pública electrónica.

Esta concepción de modelo de administración electrónica supuxo o nacemento dun novo dereito instrumental para as persoas, o Dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, precisamente a partir da análise xurídica dos principios reitores da Administración electrónica e dos instrumentos necesarios para poder articular o novo modelo de administrar, pero sempre en función do servizo ao individuo, dentro do marco da noción de Boa Administración. En Venezuela producíronse tres leis importantes nesta materia que axudan a xerar a base legal desta relación signada polos novos tempos: A Lei de Mensaxes de datos, A Lei de Interoperabilidade, e recentemente, a Lei de Infogoberno, ás cales nos referiremos máis adiante.

2 O cumprimento dos principios que informan á Administración pública como premisa dunha boa administración

Como se deixara establecido no capítulo anterior, resulta de capital importancia, para a interpretación dos postulados fundamentais da Administración Pública, ter en conta os

3 GARCÍA DE ENTERRÍA, E. e FERNÁNDEZ, T.R. *Curso de Derecho Administrativo*. I, 1ª Edición, Buenos Aires, La Ley, 2006, p. 35.

4 Cfr. HERNÁNDEZ, J.I., *Introducción al concepto constitucional de Administración Pública en Venezuela*, Caracas, Editorial Jurídica Venezolana, 2011, p. 125, manifiesta que: “...*a Administración caracterízase por tres notas materiais ou substanciais: carácter vicarial; suxeición a principios superiores e subordinación plena á Lei e ao Dereito. Esta noción institucional de administración pon a énfase nunha actividade e non, como se sinalou entre nós, nun órgano. Sinxelamente, o artigo 141 constitucional, ao concibir a Administración Pública, non hixo referencia ao seu inserimento dentro dalgúns dos órganos do Poder Público, consagrando unha institución no recto sentido que a expresión ten*”.

principios que a informan⁵ e, que resultaron incorporados no texto constitucional, ao carón da conceptualización do Estado democrático e social de Dereito e de Xustiza. Os principios de honestidade, participación, celeridade, eficacia, transparencia, rendición de contas e responsabilidade no exercicio da función pública⁶, á par dos principios da obxectividade, neutralidade, integridade, adecuación, deben ser interiorizados e condicionar o actuar dos órganos do Poder Público en exercicio das actividades públicas administrativas, aquelas que se constitúen na acción, singular ou concreta, organizada, de xestión de servizos, entre outros. Todo isto supón que a Administración Pública, non só debe preservar o cumprimento do principio da legalidade obxectiva, senón que debe preocuparse por cumprir o seu labor estatal con eficacia subxectiva, en función da satisfacción efectiva dos intereses dos cidadáns.

No plano positivo, e antes da vixencia da Constitución venezolana actual (1999), o Dereito Administrativo venezolano nutrírse de principios con noción garantista, a propósito da Lei Orgánica de Procedementos Administrativos (LOPA)⁷, en cuxo texto se consagraron estes principios, como pode observarse no seu Título II relativo á Actividade administrativa, ao regular a eficacia, economía, eficiencia, celeridade, imparcialidade, unidade do expediente, uniformidade documental, racionalidade e información como norte da actuación da Administración Pública⁸.

Posteriormente dítase a Lei Orgánica da Administración Pública (LOAP)⁹, que vén ratificar o comentado postulado constitucional, reiterando o carácter vicarial da Administración Pública fronte aos cidadáns, ao manifestar que se atopa ao servizo das persoas, e a súa actuación estará dirixida á atención dos seus requirimentos e a satisfacción das súas necesidades, brindando especial atención ás necesidades de carácter social, (co cal comeza unha tendencia lexislativa nacional de privilexiar o colectivo sobre o individual), e remata definindo a obriga da Administración Pública de asegurar a todas as persoas a efectividade dos seus dereitos cando se vinculen entre si, tendo como norte a continua mellora dos procedementos, servizos e prestacións públicas (Arts. 3 e 5 LOAP). E no seu artigo 10, tamén se reafirman os principios fundamentais que xa sinalara a Constitución, pero agrégalle algunhas nocións máis¹⁰, para que non exista a menor dúbida do carácter vicarial da administración e a súa obriga de garantir os dereitos que —tanto a Constitución e a Lei— lles consagran aos cidadáns. A

5 Particularmente consideramos que o Dereito Administrativo tamén se atopa influenciado polos principios xerais do Dereito, xa que é a través deses que se pode interpretar e entender o corpo normativo que o rexe.

6 O citado artigo 141 da Constitución da República Bolivariana de Venezuela, establece que: “A Administración Pública está ao servizo dos cidadáns e cidadás e fundaméntase nos principios de honestidade, participación, celeridade, eficacia, eficiencia, transparencia, rendición de contas e responsabilidade no exercicio da función pública, con sometemento pleno á lei e ao dereito”.

7 Publicada na Gaceta Oficial núm. 2.818 Extraordinario, deo 1º de xullo de 1981, e aínda mantén a súa vixencia.

8 HERNÁNDEZ-MENDIBLE, V., “Los procedimientos administrativos en Venezuela”, (Coord. A. Canónico Sarabia), en *Visión Actual de los Procedimientos Administrativos*, Caracas, Editorial Jurídica Venezolana e CAJO, 2011, pp. 97-155, p. 117. Este autor indica que estes principios se atopaban orientados a simplificar os trámites administrativos, e serviron de fundamento para que se ditase os instrutivos e normas por parte do Goberno encamiñados a ese fin.

9 Cuxa última versión foi promulgada mediante Decreto Con Rango, Valor e Forza de Lei, publicada na Gaceta Oficial Extraordinaria núm. 6.147 do 17 de novembro de 2014.

10 “Artigo 10.- A actividade da Administración Pública desenvolverase con base nos principios de economía, celeridade, simplicidade, rendición de contas, eficacia, eficiencia, proporcionalidade, oportunidade, obxectividade, imparcialidade, participación, honestidade, accesibilidade, uniformidade, modernidade, transparencia, boa fe, paralelismo da forma e responsabilidade no exercicio da mesma, con sometemento pleno á lei e ao dereito, e con supresión das formalidades non esenciais. A simplificación dos trámites administrativos, así como a supresión dos que foren innecesarios será tarefa permanente dos órganos e entes da Administración Pública, de conformidade cos principios e normas que establece a lei correspondente”.

continuación só nos referiremos aos principios de eficacia, transparencia e simplificación, debido a que se conectan directamente co tema en estudo.

2.1 O principio de eficacia

As comentadas normas, incluíndo o postulado constitucional, son contestes en resaltar a importancia dos principios informadores, condicionantes da interpretación do corpo normativo que rexe a actividade da Administración. Porén, de todos os mencionados principios, e xa descendendo ao tema que nos ocupa neste traballo, debemos mencionar con especial énfase ao *principio de eficacia*, que atopa íntima correspondencia coa visión actual que apunta á boa administración, dentro da óptica á que debe inscribirse a Administración Pública. A eficacia supón o logro dos obxectivos, o cumprimento da finalidade dos procedementos administrativos. A actividade dos órganos e entes da Administración Pública perseguirá o cumprimento eficaz dos obxectivos e metas fixados nas normas, plans e compromisos de xestión, baixo a orientación das políticas e estratexias previamente establecidas¹¹. Entendendo como obxectivo principal da Administración Pública, o servizo ao cidadán, podemos dicir que a súa actividade é eficaz, cando cumpre con ese labor, isto é, cando satisfai as necesidades e aspiracións das persoas, lexitimándose no seu actuar, por efecto do cumprimento da súa finalidade, pero con estándares de calidade; non abonda con prestar servizos en xeral, tamén cómpre examinar as condicións en que se prestan estes servizos, os seus custos, a eficacia e a eficiencia da Administración¹².

Dentro do estudo dos procedementos administrativos o principio de eficacia, debe orientar ao logro do fin proposto, que debe estar en sintonía co interese xeral e do particular, e que debe prevalecer sobre os formalismos que non inciden na validez do procedemento nin diminúan as garantías dos cidadáns; por iso é que se determina que este principio agrupa, á súa vez, un conxunto de principios como o principio de instrumentalidade, o principio da economía procesal, o principio de informalismo, o principio *favor acti*, o principio *conservatio acti* ou da finalidade, o principio da presunción de legalidade, o principio *pro actione* e o principio da caducidade¹³.

2.2 A transparencia

Conxuntamente co principio de eficacia, o texto fundamental colocou o principio de transparencia, cuxa noción debe asimilarse á forma en que debe actuar a Administración Pública, con altos estándares de calidade en función da visibilidade do seu accionar e fins, e a preservación das garantías dos cidadáns; resulta pois moi sinxelo entender o principio de transparencia, que nace —como outros— alleo á rama xurídica, pero que se incorpora aos parámetros de actuación da Administración Pública, para asegurar criterios de control sobre

11 Ver Artigo 19 LOAP.

12 Véxase o noso traballo sobre: “La contratación pública por medios electrónicos”, (Coord. A. Canónico Sarabia), en *Temas Relevantes Sobre los Contratos, Servicios y Bienes Públicos*, Caracas, Editorial Jurídica Venezolana e CAJO, 2014, pp. 441-465, p. 443.

13 BREWER-CARÍAS, A., *Principios del procedimiento administrativo en América Latina*, Bogotá, Legis, 2003, p.44, este autor sostén que “...o principio da eficacia implica o principio da conservación, do saneamiento ou da convalidación dos actos administrativos, aos efectos de que os procedementos poidan acadar a súa finalidade. En consecuencia, o logro do fin proposto é o que sempre debe orientar o desenvolvemento do procedemento; fin que está vinculado tanto ao interese xeral, como ao interese da Administración e ao do administrado. O obxectivo do procedemento administrativo, en definitiva, é a satisfacción deses fins no menor tempo e co menor custo posible”.

a súa actuación. Se no plano metaxurídico, a transparencia é un fenómeno que permite o paso dos raios luminosos para observar con claridade determinados obxectos, no escenario do xurídico-público, o principio de transparencia ordénalle á Administración Pública actuar coa maior claridade posible, permitir a participación e observación do cidadán nos trámites que esta adiante, para posibilitarlle a súa intervención ou cando menos o seu control. A Administración en exercicio das súas atribucións, garante o principio de transparencia, se establece mecanismos axeitados para render contas, para manter informada ás persoas dos seus funcionarios e actividades en xeral¹⁴, xa que no plano individual e concreto, se se trata da substanciación dun procedemento administrativo en particular sobre unha persoa, o que debe garantírselle a ese suxeito é o debido proceso, con todas as súas implicacións. A aplicación efectiva do principio de transparencia está vinculada indisolublemente con outros principios como a rendición de contas, a boa fe, a publicidade e a simplicidade.

2.3 A simplificación nos trámites administrativos

Precisamente, en canto ao mencionado principio de simplicidade, tamén existe no país, unha norma que o desenvolve, a Lei de Simplificación de Trámites Administrativos (LSTA)¹⁵, dentro da cal novamente se reiteran os principios informadores da Administración Pública (Artigo 5), definindo como obxectivos xerais: *acompañar a transformación das institucións do Estado, na adaptación do ordenamento xurídico ás esixencias dunha nova orde organizacional pública, para optimizar e racionalizar as tramitacións que realizan as persoas ante a Administración Pública, aos fins de mellorar a súa eficacia, eficiencia, pertinencia, utilidade, para así acadar unha maior celeridade e funcionalidade nas actuacións da administración, reducir os gastos operativos, obter aforros orzamentarios, cubrir insuficiencias de carácter fiscal e mellorar as relacións da Administración Pública coas persoas*. Cabe destacar, que esta norma sinala de maneira categórica que os funcionarios públicos, ante todo, son servidores públicos e como tal a súa actividade debe estar dirixida a servir de forma eficiente ás persoas, procurando a plena satisfacción do interese colectivo¹⁶.

Porén, a implementación da política de simplificación de trámites no país non se levou a cabo como se concibiu na referida norma, pois de maneira contraria aumentou a esixencia de recadacións e requisitos na tramitación de asuntos ante a Administración; agora ben, de maneira curiosa o executivo nacional venezolano anunciou o martes 2 de setembro de 2014, en cadea de radio e televisión, a creación dunha *Autoridade Única Nacional de Trámites e Permisoloxía*, a cal: *“...terá dentro das súas tarefas, acabar co burocratismo e elevar a eficiencia do Estado nos procesos de simplificación de documentos”*. Non obstante, malia que a mensaxe sobre a preocupación do goberno ao amosar a súa intención de simplificar os trámites que realizan os cidadáns ante os órganos do Estado é alentador, pénsase que

14 Consecuente con esta formulación o artigo 9 da Lei Contra a Corrupción, publicada na Gaceta Oficial núm. 5.637 Extraordinario do 7 de abril de 2003, expresamente estableceu a obriga das autoridades de informar aos cidadáns sobre a utilización dos bens e o gasto dos recursos que integran o patrimonio público cuxa administración lles corresponde, por calquera medio impreso, audiovisual, informático ou calquera outro que dispoña o ente, incluíndo os medios electrónicos.

15 No ano 1986 o goberno nacional ditou o Instrutivo Sobre Simplificación e Información dos Procedementos Administrativos, posteriormente o Decreto Con Rango Valor e Forza de Lei de Simplificación de Trámites Administrativos no ano 1999, que logo foi reformado e publicado na Gaceta Oficial núm. 5.891 Extraordinario do 31 de xullo de 2008, e por último, o Decreto núm. 1.423, mediante o cal se dita o Decreto con Rango, Valor e Forza de Lei de Simplificación de Trámites Administrativos, publicado na Gaceta Oficial núm. 40.549 do 26 de novembro de 2014.

16 Ver Artigo 36 LSTA.

non era necesaria a creación dunha estrutura para tal fin, simplemente debeuse aplicar a norma que se atopaba vixente desde o ano 1999, a cal supoñía desde a súa xénese poñer en práctica programas de simplificación por parte de cada órgano do Poder Público, para así facilitarlle aos cidadáns as súas experiencias fronte ás oficinas públicas.

Tomando como base as anteriores manifestacións de principios, podemos concluir que a eficiencia, eficacia, a transparencia, a publicidade, a responsabilidade e a simplificación no actuar dos órganos do Poder Público, inscríbese dentro da noción de *boa administración*, en virtude de que son calidades que deben distinguir aos órganos do Estado en xeral, vinculados ao exercicio dos valores democráticos e ao desenvolvemento dos seus pobos. Para acadar estes cometidos cómpre que a Administración avance e prepare moi ben o camiño ao logro dos seus obxectivos, establecendo canles procedementais máis simples e eficaces, garantindo os dereitos dos individuos, aboando na capacitación e profesionalización dos seus funcionarios, modernizando as súas estruturas e sistemas, e promovendo e intensificando o uso das tecnoloxías da información e comunicación por parte dos servizos públicos para controlar o rendemento, así como fomentar a aprendizaxe, mellorar a prestación de servizos, a xestión dos bens públicos e, facilitar o acceso á información, tanto dos funcionarios públicos, como dos cidadáns.

Esa necesidade regulatoria de principios xurídicos, foi unha preocupación permanente dos Estados en reunións internacionais, e manifestada en diversos pronunciamentos. Convén lembrar as metas para o milenio definidas como obxectivos da Organización de Nacións Unidas¹⁷, entre os que destaca, o desenvolvemento económico e social, a democracia, a loita contra a pobreza e contra a fame, entre outros; xa perfilaba a necesidade da existencia dunha Administración Pública eficaz, eficiente, así como sistemas sólidos de xestión dos asuntos públicos, na medida en que a función esencial da Administración xeral e a capacidade das persoas que traballan no sector público en particular, están vinculadas á promoción dos dereitos humanos, á democracia e ao bo goberno¹⁸. Por outra parte, atopamos un paralelismo noutras disposicións internacionais, asumidas polo país, como o Código Iberoamericano de Bo Goberno, producido na VIII Conferencia Iberoamericana de Ministros de Administración Pública e Reforma do Estado, en Montevideo-2006; a Carta Iberoamericana de Calidade na Xestión Pública, formulada na X Conferencia Iberoamericana de Ministros de Administración Pública e Reforma do Estado de San Salvador, o 26 e 27 de xuño de 2008, adoptada no XVIII Cumio Iberoamericano de Xefes de Estado e de Goberno, celebrada no Salvador en outubro de 2008; e a Carta Iberoamericana de Participación Cidadá na Xestión Pública, asumida na XI Conferencia Iberoamericana de Ministros de Administración Pública e Reforma do Estado, en Lisboa-Portugal en 2009.

Regap



ESTUDIOS E NOTAS

3 A Administración pública e a tecnoloxía da información e comunicación (TIC)

Hoxe máis que nunca, atopámonos mergullados dentro da denominada *Sociedade da Información*, que se caracteriza porque os medios de produción de bens e servizos, así como a demanda dos mesmos polas persoas, para satisfacer as súas necesidades, atópanse

17 No Consello Económico e Social da Organización de Nacións Unidas, do 16 de marzo de 2003.

18 RODRÍGUEZ ARANA, J., *Reforma administrativa y nuevas políticas públicas*, Caracas, Editorial Sherwood, 2005, p. 159.

determinados por un recurso esencial, a información¹⁹; a mensaxe viaxa de maneira máis veloz a través de canles ou medios modernos, áxiles e atractivos. Estes medios, baseados en tecnoloxías novidosas de información e comunicación atópanse a disposición de todos os cidadáns de calquera nacionalidade ou estrato social, e xera unha alteración dos intercambios relacionais tradicionais. Disto non escapa a Administración Pública, é máis, debe aproveitarse diso e implementalo nas súas relacións coas persoas.

Desde os informes preparados polo Comité de Expertos en Administracións Públicas, para as Nacións Unidas en New York, do 22 ao 26 de xullo de 2002 e do 7 ao 11 de abril de 2003, recoñécense as novas tecnoloxías como instrumentos básicos para acadar obxectivos de desenvolvemento urxente nos ámbitos gobernamentais, para o desenvolvemento económico, a protección do medio ambiente, a erradicación da pobreza, da saúde e a mellora da sociedade en xeral. As tecnoloxías da información e as comunicacións e o goberno electrónico son concibidas por Nacións Unidas como instrumentos poderosos para acelerar o crecemento e o desenvolvemento sostible de base ampla, reducindo a pobreza²⁰.

Coa utilización das mencionadas ferramentas, o Goberno e a Administración Pública preséntanse máis visibles fronte aos cidadáns, polo que se garante a transparencia e pódese producir un mellor labor de avaliación social ao poder coñecer os resultados e obxectivos acadados nos distintos programas públicos. Fortálécense os mecanismos de rendición de contas e, en definitiva pódese apuntalar a democracia participativa e a liberdade de expresión e comunicación, cun uso axeitado destes novidosos e, ao mesmo tempo, poderosos medios de comunicación.

Na actualidade o goberno electrónico é condición previa do bo goberno, axuda a democratizar as institucións públicas e fomenta unha participación sen precedentes, podendo empregar diferentes mecanismos que nos brinda a rede, entre os que se contan as populares redes sociais (Facebook, Twitter, LinkedIn, Instragram, Google+, por mencionar as máis comúns)²¹, amén de constituir un impulso obvio á eficiencia e eficacia da actuación da Administración Pública desde todo punto de vista; sen esquecer o carácter instrumental do goberno electrónico, xa que os verdadeiros construtores da nova sociedade deben ser os cidadáns, que se presentan nunha dobre configuración, como receptores da prestación de servizos e, por outra parte, como comunidade que pode e debe controlar ao goberno e participar na toma de decisións²².

3.1 O dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas administracións públicas

Ao realizar o estudo sobre a relación simbiótica que debe existir entre a *Boa Administración* e o *Goberno Electrónico*, atopámonos co documento denominado “Carta Iberoamericana

19 HERNÁNDEZ-MENDIBLE, V., “El derecho administrativo en la sociedad de la información, (Eds. F. Parra e A. Rodríguez), en *Estudios de Derecho Administrativo, Volumen II*, Caracas, Tribunal Supremo de Justicia, 2001, pp. 23-60, p. 27.

20 RODRÍGUEZ ARANA, J., *Reforma administrativa... op. cit.* p. 174.

21 “...a evolución tecnolóxica permitiu transitar do clásico portal de primeira xeración a un denominado web 2.0, que permite unha re-actualización ou diálogo entre o titular do mesmo e difusor da información e os usuarios, aos que se suman os outros espazos de intercambio de comunicacións e información como Facebook, twitter, —que non sendo per se regulables polos Estados nacionais— si podería ser regulamentada a maneira como poden aproveitalos a Administración Pública...” (Hernández-Mendible, V., “Los procedimientos administrativos... op. cit. p. 145).

22 RODRÍGUEZ ARANA, J., *Reforma administrativa... op. cit.* p. 187.

de Gobierno Electrónico”, aprobada no marco da IX Conferencia Iberoamericana de Ministros de Administración Pública e Reforma do Estado, en Pucón, Chile, durante os días 31 de maio e 1 de xuño de 2007²³, o referido *soft law* insta de maneira firme á implementación da tecnoloxía da información e comunicación na xestión pública das administracións iberoamericanas, independentemente do seu desenvolvemento particular nas respectivas lexislacións locais, o que converte ao instrumento en transcendente para o desenvolvemento dos pobos de Iberoamérica, visto que os participantes renovaron o seu compromiso coa reforma do Estado, o fortalecemento das súas institucións públicas e a modernización dos seus mecanismos de xestión, tendo en conta que a calidade dos organismos públicos e a súa xestión é fundamental para o desenvolvemento, a igualdade de oportunidades e o benestar social.

A referida Carta Iberoamericana inicia co compromiso das nacións participantes en construír a sociedade da información e o coñecemento, desde a perspectiva do cidadán e os seus dereitos. Entendendo por cidadán calquera persoa natural ou xurídica que deba relacionarse cunha Administración Pública e se atope no territorio do país ou posúa o dereito a facelo aínda que estea fóra do devandito país. E entende que as expresións “Gobierno Electrónico” e “Administración Electrónica” son sinónimas, ambas as dúas consideradas como o uso das TIC nos órganos da Administración para mellorar a información e os servizos ofrecidos aos cidadáns, orientar a eficacia e eficiencia da xestión pública e incrementar substantivamente a transparencia do sector público e a participación dos cidadáns.

Establece como principios do goberno electrónico: a igualdade, a legalidade, a conservación, a transparencia e accesibilidade, a proporcionalidade, a responsabilidade, e a adecuación tecnolóxica. Principios que en forma xeral se asimilan a aqueles que se recollen dos ordenamentos xurídicos de todos os Estados. Pero un dos aspectos máis importantes que se debe destacar, é que resalta a consagración dun novo dereito cidadán: *O Dereito a Relacionarse Electronicamente coas Administracións Públicas*, interpretado con carácter de amplitude, en función do alcance ou natureza do trámite e pretensión de que se trate, pasando a constituírse nun dereito instrumental dos cidadáns para viabilizar e lograr outros dereitos.

Previamente podíamos observar que en España se dera un paso adiante coa adopción da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos (BOE 150 de 23/06/2007), posteriormente desenvolvida de forma parcial a través do Real Decreto 1671/2009, que reconece o dereito dos cidadáns a relacionarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos e regula os aspectos básicos da utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa, nas relacións entre as Administracións Públicas, así como nas relacións dos cidadáns coas mesmas, coa finalidade de garantir os seus dereitos, un tratamento común ante elas e a validez e eficacia da actividade administrativa en condicións de seguridade xurídica.

Este novo Dereito Cidadán a Relacionarse Electronicamente coas Administracións, non se atopa baleiro, ten un contido propio e particular, que lle xera aos cidadáns a posibilidade de:

1. Dirixir por vía electrónica todo tipo de escritos, recursos, reclamacións e queixas aos Gobernos e ás Administracións Públicas, quedando estes igualmente obrigados a responder ou resolver como se os devanditos escritos, reclamacións e queixas se tivesen realizado por medios tradicionais.

²³ <http://old.clad.org/documentos/declaracións/cartagobelec.pdf> [consultada o 13/01/2014].

2. Realizar por medios electrónicos todo tipo de pagamentos, presentar e liquidar impostos e calquera outra clase de obrigas.
3. Recibir por medios electrónicos notificacións cando tal medio sexa aceptado polo cidadán ou se o cidadán así o solicita.
4. Acceder por medios electrónicos á información administrativa xeral con igual grao de fiabilidade que a que é obxecto de anuncio en diarios ou boletíns oficiais ou a que se publica en anuncios oficiais por calquera medio.
5. Acceder os interesados electronicamente aos expedientes para coñecer o estado en que se atopa a tramitación dos mesmos.
6. Acceder por medios electrónicos a información pública de alto valor agregado que sirva para aumentar a competitividade dos países, o que supón garantir estándares consensuados entre os Estados iberoamericanos respecto ao modo en que esa información debe ser procesada e difundida coa axuda das novas tecnoloxías dispoñibles.
7. Empregar e presentar ante o Goberno ou as administracións públicas as resolucións administrativas en soporte electrónico, así como os documentos administrativos electrónicos nas mesmas condicións que se fosen documentos en papel, así como poder remitilas por medios electrónicos á Administración de que se trate.
8. Evitar a presentación reiterada ante a Administración de documentos que xa obren en poder da mesma ou doutra, especialmente se son electrónicos, o que supón accións de Interoperabilidade e Simplificación Rexistral.

Para garantir o cumprimento efectivo do *dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas administracións públicas*, os Estados deben ditar os Instrumentos xurídicos necesarios que permitan regular o funcionamento do Goberno electrónico, para cada unha das súas respectivas realidades, sociais e cidadás, establecendo como mínimo: *i. A identificación dos cidadáns, administracións públicas, funcionarios e axentes destas que empreguen medios electrónicos, así como a autenticidade dos documentos electrónicos en que se contén a vontade ou manifestacións de todos eles; ii. O establecemento e información ao público por medios accesibles para todos os cidadáns dos enderezos electrónicos das administracións públicas con especial incidencia nas sedes electrónicas das mesmas; iii. A regulación e establecemento de rexistros electrónicos aos que os cidadáns poidan dirixir as súas comunicacións electrónicas contendo as súas peticións e pretensións; iv. O réxime dos documentos e arquivos electrónicos; e v. O establecemento dun réxime diferenciado que lle permita seleccionar ao cidadán nun mesmo expediente se desexa empregar medios electrónicos ou físicos ou ordinarios.*

Estas regulacións xurídicas permitiránlle aos cidadáns e ás administracións públicas, nas súas relacións electrónicas, ter seguridade e confianza, tanto no que se refire á identidade da persoa, órgano ou institución que se comunica, como no que se refire á autenticidade e integridade do contido da comunicación, así como, consecuentemente, na imposibilidade de ser repudiada polo emisor.

Así mesmo, permítelle contar con protección de datos persoais, no sentido de poder solicitar a actualización, a rectificación ou a destrución daqueles datos contidos en rexistros electrónicos oficiais ou privados, se fosen erróneos ou afectasen ilexítimamente os seus dereitos. A

tal fin débesele garantir ao cidadán o acceso á información e aos datos que sobre si mesmo ou sobre os seus bens consten en rexistros oficiais ou privados, coas excepcións que xustificadamente se establezan, así como se debe facilitar o coñecemento do uso que se faga dos devanditos datos e a súa finalidade²⁴.

Vemos pois, como as regulacións internacionais de principio, trataron de darlle resposta aos avances científicos e tecnolóxicos, con maior dinamismo que as normas internas dos Estados. Recoñecen e son conscientes que os medios electrónicos, como por exemplo os teléfonos móbiles de cuarta e quinta xeración, as tablets, as computadoras persoais, así como as redes 3.0 ou social media, xeraron unha revolución incuestionable que incidiu na forma de actuar da sociedade, dentro da cal non pode quedar allea a Administración Pública, e as relacións que se tecen arredor dela. Ata hai pouco o balance local incuestionable era que a tecnoloxía desbordara a regulación xurídica, por iso se requiría unha interpretación e aplicación progresiva dos textos legais, na medida do posible, para tratar de adaptar o ordenamento xurídico a esa realidade, que non se pode descoñecer e que debe ser regulada, co respecto ao contido esencial dos dereitos fundamentais.

Por iso se concluía, que o novo Dereito tiña unha tarefa pendente, que era darlle cobertura legal ás institucións xurídicas tradicionais, que foran desbordadas e transformadas polas innovacións tecnolóxicas. Era necesario, por tanto, regular a Administración Pública virtual, a sinatura dixital, o procedemento administrativo electrónico, o enderezo electrónico, o acto administrativo electrónico, a notificación electrónica, o teleproceso, os recursos administrativos electrónicos, é dicir, todas as actuacións administrativas formais e dos interesados que se realizan a través de soporte magnético²⁵. Logo de varios anos e algunhas leis novas en América, a realidade práctica non é moi distinta, xa que os cambios se produciron de forma moi tímida e cun ritmo sumamente lento, que non se corresponde coa dinámica da invención tecnolóxica.

3.2 Normas venezolanas vinculadas ao dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas administracións públicas

3.2.1 A formulación constitucional

Partindo da afirmación que a información do cidadán é a premisa fundamental e o núcleo central xustificante do emprego de medios tecnolóxicos na vida do individuo, podemos concluir que o noso texto constitucional consagra unha serie de normas vinculadas definitivamente a esta realidade actual. O artigo 51 consagra o dereito a dirixir peticións e a obter oportuna e axeitada resposta. Os artigos 28 e 143, desenvolven dereitos vinculados á información das persoas, establecen a posibilidade certa de acceder á información e aos datos que sobre si mesma ou sobre os seus bens consten en arquivos ou rexistros, públicos ou privados; igualmente de poder acceder a outros documentos en que teñan interese comunidades ou grupos de persoas; o dereito que teñen os cidadáns a ser informados sobre

24 Tal formulación correspóndese co contido dos dereitos fundamentais consagrados nos artigos 28 e 143 constitucional venezolano, onde se recolle o dereito dos cidadáns a ser informados oportuna e verazmente pola Administración Pública, sobre o estado das actuacións en que estean directamente interesados e a coñecer as resolucións definitivas que se adopten sobre o particular, así como o dereito de acceso aos arquivos e rexistros administrativos.

25 HERNÁNDEZ-MENDIBLE, V., "El derecho administrativo en la sociedad...", *op. cit.* p. 44.

o estado das actuacións en que estean directamente interesados e a coñecer de maneira inmediata as resolucións que se adopten sobre o particular. E por último, o artigo 60 que de maneira expresa se refire ao uso da informática, aínda cando o fai para establecer unha limitación no seu emprego, en función do dereito da persoa á protección da súa honra, a intimidade persoal e familiar, como garantía que debe ofrecer o Estado. Todo isto materializable a través do emprego de medios tecnolóxicos.

3.2.2 As normas xerais da Administración pública venezolana

Pola súa parte, o decreto con rango, valor e forza de lei orgánica da administración pública, citado ut supra, consecuente coa transcendental instrución supranacional antes comentada e co texto constitucional patrio, incorpora no seu esquema regulatorio normas que prevén o emprego de medios electrónicos e informáticos dentro da maraña administrativa, principalmente no que respecta ás relacións que se presenten entre cidadán e órgano; efectivamente nos seus artigos 6 e 9²⁶, observamos unha mostra diso convertendo estas ferramentas nunha garantía para o cidadán que o Estado está no deber de protexer. Destácase o imperativo de incorporar medios telefónicos, electrónicos e informáticos dentro da actuación administrativa, para que as persoas poidan dirixir peticións e solicitudes aos órganos públicos e en fin poidan resolver os seus asuntos de maneira sinxela e transparente.

Igualmente a disposición contida no artigo 11 da citada lei, avanza polo mesmo sentido pero con maior contundencia, ao obrigar aos órganos e entes da Administración pública a *“... empregar as tecnoloxías que desenvolva a ciencia, tales como os medios electrónicos ou informáticos e telemáticos, para a súa organización, funcionamento e relación coas persoas”*. Complementando o anterior mandato co deber de cada órgano e ente da Administración pública de establecer e manter unha páxina en internet, que conterá como mínimo, a información que se considere relevante, os datos correspondentes á súa misión, organización, procedementos, normativa que o regula, servizos que presta, documentos de interese para as persoas, localización das súas dependencias e información de contactos.

3.2.3 As normas para a simplificación de trámites administrativos

O igualmente comentado decreto con rango, valor e forza de lei de simplificación de trámites administrativos, toma os medios electrónicos como elementos necesarios para lograr o obxectivo da regulación, enfocado na simplicidade e a eficiencia na xestión pública, principalmente nas súas relacións cos cidadáns. Por iso atopámonos cunha serie de normas que obrigan a xerar información e contido a través de medios electrónicos para manter informados os cidadáns dos diferentes servizos e asuntos en que poidesen ter interese.

O artigo 8 refírese á obriga que posúen os órganos e entes da Administración pública na difusión dos plans de simplificación dos trámites administrativos que diten e implementen;

26 No marco das garantías que debe ofrecer a Administración pública aos cidadáns, o artigo 6 expresamente sinala que: *“A Administración pública desenvolverá a súa actividade e organizarase de maneira que as persoas poidan: 1. Resolver os seus asuntos, ser auxiliadas na redacción formal de documentos administrativos; e recibir información do seu interese por calquera medio escrito, oral, telefónico, electrónico e informático”* (...) Mentres que o artigo 9, dentro da regulación da garantía do dereito a petición, establece que: *“As funcionarias e funcionarios da Administración Pública teñen a obriga de recibir e atender, sen excepción, as peticións ou solicitudes que lles formulen as persoas, por calquera medio escrito, oral, telefónico, electrónico ou informático; así como de responder oportuna e axeitadamente tales solicitudes...”* (resaltado noso).

o artigo 38, imponlle o deber de ofrecer ás persoas información completa, oportuna e veraz en relación cos trámites que se realicen ante esas institucións, así como de difundir as tarifas vixentes das taxas ou prezos públicos que se deban pagar polos servizos recibidos (artigo 23); e esta difusión e información deberá levarse a cabo a través de calquera medio de comunicación, visual, oral, escrito, incluíndo o informático ou telemático. Así mesmo, cada órgano ou ente da Administración Pública deberá crear un sistema de información centralizada, automatizada, áxil e de fácil acceso que sirva de apoio ao funcionamento dos servizos de atención ao público, dispoñible para este, para o persoal asignado aos mesmos e, en xeral, para calquera funcionario doutros órganos e entes, aos fins de integrar e compartir a información, propiciando a coordinación e cooperación entre eles, de acordo co principio da unidade orgánica; para tal fin, deberán habilitar sistemas de transmisión electrónica de datos co obxecto de que as persoas interesadas envíen ou reciban a información requirida nas súas actuacións fronte á Administración Pública, por unha parte, e pola outra, que os devanditos datos poidan ser compartidos con outros órganos e entes da Administración Pública, de acordo co referido principio (artigos 11 e 45). Sen esquecermos do servizo de información telefónico que deben implementar para atender as distintas consultas que se formulen con relación aos servizos que prestan estes órganos (artigo 51)²⁷.

Por último, e co obxecto de facilitar o pagamento das obrigas das persoas aos órganos e entes da Administración Pública, o Decreto Lei, establece que se deberá incentivar ao máximo a utilización do sistema financeiro, aos fins de que as persoas interesadas poidan depositar o importe das súas obrigas na conta bancaria que a Administración dispoña para tal fin, en calquera sucursal do país, permitindo que o pagamento das referidas obrigas poida realizarse a través de calquera medio, incluíndo as transferencias electrónicas de fondos, aboamento en conta e sistemas de crédito, en cuxo caso, o pagamento entenderase efectuado na data en que se realice a referida transacción (artigos 22 e 23).

3.2.4 En materia de control fiscal e anticorrupción

En materia de transparencia e rendición de contas das autoridades públicas, o decreto con rango, valor e forza de lei contra a corrupción²⁸, achégase un pouco ao emprego de medios electrónicos, cando no seu artigo 9, determina o deber dos órganos e entes do poder público e os entes descentralizados a informar os cidadáns sobre a utilización dos bens e o gasto dos recursos que integran o patrimonio público cuxa administración lles corresponde. O informe a que se fai referencia deberá presentarse a través dun medio impreso, audiovisual, informático ou calquera outro que dispoña o ente ou órgano, de acordo co previsto no ordenamento xurídico vixente, que ao interpretalo coa citada norma da Lei de Administración Pública debemos chegar á conclusión de que o informe de rendición de contas debe ser aloxado na páxina web do órgano ou ente do Estado. Igualmente, no título I do capítulo III da mesma Lei contra a corrupción, regúlase a obriga dos funcionarios públicos de presentar declaración xurada de patrimonio²⁹, e a partir da resolución publicada na Gaceta Oficial

27 Estas disposicións converteranse no antecedente inmediato do decreto con rango valor e forza de lei sobre o acceso e intercambio electrónico de datos, Información e Documentos Entre os Órganos e Entes do Estado (LAIEDIDOEE), que comentaremos máis adiante.

28 *Vid.* Gaceta Oficial núm. 6.155 Extraordinario do 19 de novembro de 2014.

29 O artigo 78 da Lei orgánica da Contraloría Xeral da República e do Sistema Nacional de Control Fiscal (G.O. 6.013, 23/12/2010), outórgalle competencia a este órgano para solicitar presentación de declaracións xuradas de patrimonio a funcionarios públicos, empregados, obreiros, exfuncionarios, contribuíntes ou responsables, ou calquera outra persoa que contrate, negocie ou celebre operacións relacionadas co patrimonio público.

39.205 do 22 de xuño de 2009, a Contraloría Xeral da República estableceu o sistema para a presentación da declaración xurada de patrimonio en formato electrónico dispoñible na páxina web do mencionado órgano de control fiscal.

En materia fiscal e tributaria, desenvolveuse no país toda unha serie de procesos que se executan a través do acceso á plataforma web do Servizo Nacional Integrado de Administración Aduaneira e Tributaria (SENIAT)³⁰, declaración do imposto sobre a renda anual, o rexistro de información fiscal, declaracións de impostos ás sucesións, entre outros³¹.

3.2.5 Os medios electrónicos nas contratacións públicas

